



O fútbol como escusa para contar a vida

*Recortes, caneos e outras formas de driblar
chega aos teatros galegos*

táboas

Nº 2 - DECEMBRO 2022

ENTREVISTA A NACHO CARRETERO

O teatro como ferramenta
xornalística

AO REDOR DE FARIÑA

Adicións de hoxe explicadas
desde o teatro

ENTREVISTA A MARÍA LOPO

María Casares fixo vivir
Galicia na arte francesa

VOLVEU O CASTELO CONTA

Cultura, comedia e tradición
ao pé do Xalo

*Din que estamos tolos
por cultivar as vides
nas ladeiras das montañas.*

Por recoller as uvas a man.

E por facer o noso viño vegano.

*Agora, din que estamos tolos
por cambiar a etiqueta
cando xa nos coñecen.*

***Din moitas cousas,
ata que o proban.***



FOTO AIGI BOGA

FACELO BEN

Unha sucesión de planos coa duración exacta, un currículo maquetado a conciencia, a corrección na escrita en *whatsapp*, e unha revista en papel. E que cada quen opine, porque calquera se atreve a falar hoxe sobre o que está ben e o que está mal.

Por máis que nos esforzamos para facer as cousas o mellor posible na cultura, sempre hai quen publica con grallas en español e quen non emprega o galego para facer cousas aquí. Que será peor...

Pero tamén están os que, convencidos, cuestionan as formas idóneas de comunicar e de chegar ao público. Máis alá da violencia do *clickbait* está toda unha xeración para a que un GIF pixelado non é un problema, e que prefire a Touriñán contándolle algo en dez segundos á cámara do seu móbil que un bo *teaser*.

Todo está en cuestión, e é entón cando aceptamos facer outro tipo de vídeos, recibir unhas liñas en vez de currículos, abreviar en *whatsapp* (ou ata sucumbir á ditadura dos audios), pero por suposto, renunciámos a deixar de publicar unha revista en papel.

É cultura, e trátase de facelo ben.

ENTREVISTA A NACHO CARRETERO	05
O teatro serve para achegar testemuños e convertelos en situacións cercanas ao público	
E VAIA FORMA DE DRIBLAR	10
A estrea de <i>Recortes</i> revolucionou a rúa Nova compostelá	
O FÚTBOL COMO ESCUSA PARA CONTAR A VIDA	14
Se o labor do xornalista é entender as realidades e contar o que está pasando, o teatro semella un medio tan bo como calquera outro para contalo	
O FÚTBOL, AQUÍ E HOXE	16
Fran Núñez, director do CDG achéganos a súa visión da estrea de <i>Recortes</i>	
MARÍA CASARES REGRESA Á CORUÑA DA MAN DE CONTINENTE MARÍA	18
A falta de terra propia, acharía unha tan grande como o vasto mundo: o escenario, onde se pode inventar toda clase de vidas, e os mortos regresan para saudar	
ENTREVISTA A MARÍA LOPO	20
María Casares fixo vivir Galicia na creación artística francesa	
CAMIÑANDO CANDA A MARÍA CASARES	24
Percorremos os lugares clave na vida da gran artista no ano do seu centenario	
NA PEL DE MARÍA CASARES	28
Melania Cruz, responsable de traer de novo aos escenarios a María Casares, relata a súa experiencia	

OS 1.998 KM DE COSTA DE GALICIA E OS 70.000 ESPECTADORES DE FARÍÑA	32
O teatro como medio para reflexionar sobre a nosa historia contemporánea	
AO REDOR DE FARÍÑA	34
Unha experiencia de intervención e prevención aproveitando os escenarios teatrais	
CULTURA, COMEDIA E TRADICIÓN AO PÉ DO XALO	36
Regresou o Castelo Conta, unha experiencia única no rural da Coruña	
ENTREVISTA A LAURA MAHÍA	40
Falamos coa xoven deseñadora sobre o proceso de creación da identidade do Castelo Conta	
XENTE DE CASTELO AO LONXE	46
Se a maxia existe, está en Castelo	
ESTE É O SITIO ONDE FALAN OS VELLOSO	49
Tone Martínez reflexiona sobre a súa experiencia conducindo os Contos de Castelo	
DEIXAR ATRÁS A GRANDILOCUENCIA	50
Novos escenarios para atraer novos públicos	
UNHA VISITA Á FESTA DO TEATRO	52
Acudimos ao Festival de Almada para coñecer esta experiencia de bo facer veciñal	
O REFUXIADO, UNHA COMEDIA SOBRE O TRISTE QUE É TODO	54
Unha sátira que expón moitas realidades perversas enunciando preguntas máis que dando respostas	
A MOCIDADE DE HOXE EN DÍA -INSIRA CRÍTICA-	58
Atraer ao público máis novos adoita ser unha vitoria complicada de gañar	

A REVISTA TÁBOAS EDÍTAA
AINÉ PRODUCCIÓNS

DIRECCIÓN
Álvaro Pérez Becerra

Rúa Enrique Mariñas 32G, 2º
15009 A Coruña

Tel. 881 946 972 | ola@aine.gal
www.aine.gal
@aine_gal

TEXTOS
Saúl Rivas, Amara Fontao, Sofía García

COA COLABORACIÓN DE
Melania Cruz, Fran Núñez e Tone Martínez

FOTOGRAFÍAS
Aigi Boga, Paula Correa, Luana Santos
e Ruth Beltrán


COORDINACIÓN DE PRODUCCIÓN
Elisa Martínez

AGRADECIMENTOS
Goretti Castro, Pedro González, Patricia Sánchez,
Antonio Vázquez, Nacho Carretero, María Lopo,
as veciñas e veciños de Castelo, Rodrigo Francisco,
Miguel Martins, Andrés Mahía, Iria Lamas e todo
o equipo de Ainé e Undodez

FOTO DE PORTADA
Aigi Boga

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Metronoventa

Esta revista foi impresa por
Imprenta Vazmar en
decembro de 2022.



TEXTO SAÚL RIVAS — FOTOS AIGI BOGA

Nacho Carretero (A Coruña, 1981) comezou facendo xornalismo nas redaccións de diferentes xornais para logo percorrer o mundo como *freelance*. Publicou reportaxes sobre guerras, narcotráfico, corrupción, o ébola, o seu amado Deportivo da Coruña... e escribiu un dos libros máis vendidos e coñecidos dos últimos tempos: *Fariña*. O fenómeno trouxo consigo unha serie de televisión vista no mundo enteiro, unha novela gráfica e o espectáculo teatral que supuxo o primeiro acercamento ás táboas dun autor que agora volve aos teatros con *Recortes, caneos e outras formas de driblar*, un espectáculo cheo de humor e música centrado no mundo do fútbol.

CO OUTONO CHEGOU AOS TEATROS GALEGOS RECORTES, CANEOS E OUTRAS FORMAS DE DRIBLAR. COMO NACE ESTE PROXECTO?

O proxecto naceu a partir dunha investigación que levei a cabo sobre as sombras do fútbol, sobre os aspectos menos coñecidos do deporte máis coñecido. A idea era converter esa investigación nun libro e, falando con Xosé Touriñán, decidimos que tamén sería moi boa idea trasladalo ao teatro. Tal e como fixemos con *Fariña*, decidimos empezar a traballar no proceso con José Prieto e Tito Asorey ata que se converteu nunha realidade.

QUE PODE ATOPAR O PÚBLICO NO TEATRO? E CAL É O PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO, NECESITAS COÑECIMENTOS DO MUNDO DO FÚTBOL PARA SEGUIR A HISTORIA?

Necesítase cero coñecemento de fútbol para ver esta obra. De feito, creo que o fútbol é so un pretexto, un fío condutor. A partir de distintas situacións reais que compoñen a miña investigación, mostramos como no fútbol existe o sufrimento psicolóxico, a presión, a dor, a corrupción, a trampa... Pero o que en realidade estamos amosando é a natureza humana mesma, as súas contradicións, os seus padecementos. E todo con situacións reais, familiares, con humor, sátira, música...

LOGO DA EXPERIENCIA DE FARIÑA, ESTA É A SEGUNDA VEZ NA QUE O TEATRO CONSTITÚE O MEDIO MEDIANTE O CAL ACHEGAR UNHA HISTORIA XORNALÍSTICA. COMO FOI ESE PROCESO?

Traballar con Tito, Prieto e Touriñán é unha marabilla. É doado porque nos levamos moi ben e é enriquecedor porque a experiencia me permite medrar e aprender. A miña investigación xornalística é a base desde a que nace o proxecto, pero a forma teatral depende deles tres, que son os que conseguen

adaptar un traballo xornalístico a unha obra de teatro. Oxalá houbera moitas máis investigacións xornalísticas sobre os escenarios. Creo que é unha moi boa nova para o xornalismo.

«Necesítase cero coñecemento de fútbol para ver esta obra. Mostramos como existen o sufrimento psicolóxico, a presión, a dor, a corrupción, a trampa... E todo con situacións reais, familiares, con humor, sátira, música...»

QUE APORTA PARA TI O TEATRO Á HORA DE CONTAR HISTORIAS?

Permite usar códigos e ferramentas propias do teatro que noutro formato son imposibles. O teatro serve para achegar testemuños e casos reais e convertelos en situacións cercanas ao público, recoñecibles e cercanas ata no físico. O público entra na historia, participa dela, interactúa... Onde senón no teatro poder ocorrer algo así?

SEMELLA QUE ANTE OS ESCÁNDALOS, CANDO SE TRATA DE FÚTBOL, NON SE FAN AS MESMAS PREGUNTAS. TES ESTA SENSACIÓN?

O fútbol é un xigantesco negocio onde hai xente moi poderosa. E, por riba, ten unha importancia e un peso social descomunal. Digamos que é un *tinglado* montado onde as luces son tan potentes que ás veces impiden ver que hai detrás.



«Oxalá houbera moitas máis adaptacións xornalísticas sobre os escenarios. O teatro serve para achegar testemuños e convertelos en situacións cercanas ao público»

TEN REALMENTE DEMASIADO PESO O FÚTBOL EN DECISIÓNS POLÍTICAS? E NA VIDA DA XENTE?

Ten peso, si. O fútbol, na miña opinión, é unha cousa omnipresente. A min gústame o fútbol, pero recoñezo que é esgotador. Fálase de fútbol a todas horas e en todo o mundo. Por iso tamén nace este traballo: tentamos humanizar o fútbol, baixalo á terra, amosar unha realidade que di: aquí non hai deuses nin ídolos, só xente tentando facer o seu traballo e formando parte dun xogo. Iso é todo. Que non é pouco.

«No fútbol non hai deuses nin ídolos, só xente tentando facer o seu traballo e formando parte dun xogo»

LOGO DESTAS DÚAS INVESTIGACIÓNS (*FARIÑA E RECORTES*), ATOPACHES SEMELLANZAS ENTRE AS TRAMAS DE NARCOTRÁFICO E AS QUE RODEAN O FÚTBOL PROFESIONAL?

Non compararía, pero o grao de corrupción que hai no mundo do fútbol é abraiante.

PENSAS QUE É MÁIS FÁCIL FALAR AGORA DE FÚTBOL EN PRODUTOS CULTURAIS DO QUE ERA ANTES? QUEN SERÍA PARA TI UN REFERENTE NESTE CAMPO?

Si, penso que antes, no mundo intelectual, o fútbol tiña estigma. Pero pouco a pouco, escritores e autores comezaron a 'confesar' a súa paixón polo xogo e por equipos, e ambos mundos fóronse achegando. Eduardo Galeano e Juan Villoro, por exemplo, son dous dos cronistas máis importantes de



Latinoamérica e ambos teñen escrito moito sobre fútbol, do que son (no caso de Galeano, era) fanáticos. Creo que aínda queda algo de prexuízo, pero sóame un pouco antigo: non vexo incompatible ser xornalista, escritor, músico ou actor e ser seareiro dun equipo.

SEMPRE FALAS DE QUE O QUE A TI CHE GUSTA É O XOGO, PERO É POSIBLE VIVIR O XOGO FÓRA DA PAIXÓN?

A min non me gusta case nada o que ten que ver co fútbol negocio actual. Non me gustan as fichaxes millonarias, a perda de identidade dos equipos, os xeques, o márketing... Eu vexo o fútbol como un reduto de autenticidade, de tradición. Xa que noutros campos da vida temos que ser racionais, adaptarnos á modernidade, acostumarnos á velocidade do mundo

actual... pois polo menos protexamos o fútbol e deixemos que sexa como un santuario onde poidamos expresarnos con paixón, con códigos tribais, con irracionalidade... É o interesante de ser dun equipo, de vivilo. Poñerte triste, enfadado ou ledado polo teu equipo parécese unha cousa moito máis sa e inocua que enfadarte ou discutir por un intercambio de ideas políticas, por exemplo.

En canto ao xogo en si, pois mira, repítese moito iso de que o fútbol fomenta valores, axuda aos nenos e tal. Eu iso dubídoo moitísimo. Eu xoguei sempre ao fútbol, desde neno, e eu o que vin, sobre todo, é competitividade extrema, fomento da vitoria por riba de todo e descontrol nas mensaxes. Sei que agora está moito máis controlado, pero vexo bastante incompatible o ambiente do fútbol cos valores educativos nos que eu, persoalmente, creo. E doéme recoñelo porque me gusta moito xogar e desfrutar o fútbol.

E Á MARXE DA POLÍTICA?

A política é todo. Nada está á marxe da política. O fútbol tampouco. Por que ía estalo? Iso que de que non hai que mesturar fútbol e política parécese unha tontería. Outra cousa son os fanatismos. Obvio que non falamos diso. Pero que o deporte teña carga política? Ocorreu e ocorrerá sempre.

COMO DEFINIRÍAS O FÚTBOL PARA ALGUÉN QUE NUNCA ESCOITARA FALAR DEL?

Un deporte onde xogan once contra once e o Dépor perde.

E vaia forma de driblar



POR AMARA FONTAO — FOTOS AIGI BOGA



“Tedes moitos soños, buscades a fama. Pero a fama custa. Pois aquí é onde ides empezar a pagar, con suor”. A célebre frase da profesora Lydia Grant na serie dos 80, *Fama*, foi o que puidera dicir Tito Asorey, director de *Recortes, caneos e outras formas driblar*, no primeiro ensaio da obra. E é que o elenco debía de ter almorzado ben para correr, facer flexións e demais peripecias futbolísticas desa forma sobre o escenario do Salón Teatro de Santiago.

Xuntar investigación xornalística, fútbol e teatro conleva unha orixinalidade que se deixou ver na estrea da obra, á noite do 29 de setembro, reflectida tanto no representado sobre o escenario coma na diversidade dos que sentaron no patio de butacas. Dentro da novidade que é a posta en marcha dunha nova produción teatral, non sorprende que a este tipo de eventos asistan representantes públicos —como o conselleiro de Cultura, o secretario xeral de Cultura ou o director da Agadic— e artistas —Jorge Coira, Blanca Cendán ou Quico Cadaval, entre moitos outros—. O que non se adoita ver é que a unha estrea de teatro se una xente do mundo do fútbol: os presidentes dos principais equipos de fútbol galegos e algúns xogadores e adestradores asistiron ao primeiro pase no Salón Teatro.

Todas estas persoas irromperon o día da estrea o ritmo habitual da Rúa Nova, antes e despois da función, ata o punto de que dúas señoras que pasaban por aí preguntaron que estaba a pasar na igrexa en fronte do Salón Teatro. Entre ambos momentos aconteceu a sorpresa, pois ao saír a sensación era de non ter acertado nas previsións, de ter perdido ante a obra por non saber por onde ía vir o gol. Aí si que se diferencian o fútbol e o teatro; como espectador o bonito é que te gane o espectáculo.

Recortes xoga a canear co público. Primeiro comeza tanteando cun retrato cómico do que se observa claramente no fútbol, parodiando a actitude e o comportamento dos xogadores, adestradores, seareiros, directivos, xornalistas... Pero, cando menos se espera, o elenco dribla aos espectadores cantando ou con drama, sen que isto supoña a desaparición do humor.

O espectáculo que Touriñán, Manuel Cortés, Christian Escuredo, Xoán Fórneas, Isabel Garrido e Sergio Zearreta interpretan sobre as táboas vaise completando cos sons de quen non actúa. Dende o comezo ao final da obra hai risas polo espectacular do texto e das actuacións, pero tamén pola muller sentada dúas filas atrás que bota gargalladas coma gárgola gargorexando nun día de moitísima chuvia. Na pandemia xa se viu que os teatros eran lugares especialmente perigosos, comparados con outros coma o transporte público, por esta capacidade de contaxio.

Dende que os clásicos están inventados xa de hai tempo, as boas historias agora xuntan mundos. Cantar o transcurso dun partido ou bailar un adestramento: queremos ver o que de diario non veríamos. Quizais porque nunca che pasou pola cabeza a posibilidade de semellantes situacións,



quizais porque che teña chiste o inverosímil ou quizais porque desexes que subir a unha mesa e improvisar un *show* musical impecable fose o pan de cada día.

Pódese pensar da mestura de teatro e fútbol coma unha temática orixinal para unha obra, que si, éo, pero tamén se pode ir máis aló e ver as implicacións de facer desfrutar a quen nunca desfrutou do fútbol achegándollo dun xeito diferente. As diferentes formas de linguaxe e narrativas empregadas son fundamentais na cohesión e na diferenciación de grupos sociais. Resulta lóxico que non atraia a moita xente o relato dos partidos de fútbol da televisión, nos que xogan homes, son narrados por homes e vistos por homes, ou os choques de patio de recreo, dos que participan homiños. Tamén afastan do deporte 'rei' outros relatos distendidos como o uso da palabra maricón, ás veces con intención de insultar a



sabendas do seu significado e, outras, xa pola inercia de escoller esa palabra como podería ser calquera outra de tanto escoitala.

Todo isto ten que ver con que sectores tan amplos da poboación como poden ser as mulleres ou as persoas gays lles fose —e lles sexa aínda— máis limitado o interesarse, xogar ou dedicarse ao fútbol, cuestións que aborda *Recortes* non só como parte da historia, tamén de xeito divulgativo e reivindicativo. A importancia de puntos de encontro como é esta nova produción de Ainé e o CDG serven para que persoas que cando hai *Champions* van cambiando na radio ata que atopan unha emisora que fale doutra cousa, rían como a muller sentada dúas filas atrás.

Seguirán as funcións sen que sexa necesario explicar que, no fútbol e no teatro, o desfrute só é posible en

colectivo. Canto máis amplo sexa, mellor. Por suposto, todo ten luces e sombras e simplificar nunca foi unha opción. Detrás do retrato do mundo do fútbol profesional que amosa *Recortes*, vense realidades xenéricas pero tamén concretas, concretísimas, ata o punto no que o espectador pode imaxinar que quen fala non é un actor, senón o testemuño dunha persoa con nome e apelidos recollido por Nacho Carretero. O libro aínda non está nas librarías cando remata o primeiro pase de *Recortes* no Salón Teatro, onde a historia agarda para ser contada doutro xeito, porque a cousa sempre está en como cho conten.

O FÚTBOL COMO ESCUSA PARA CONTAR A VIDA

POR SAÚL RIVAS
FOTOS AIGI BOGA

O primeiro consello que adoitan dar nos cursos de escritura é que “escribas sobre o que coñeces”. Nacho Carretero coñece ben o fútbol como amante do xogo e seareiro do Dépor, pero foi o seu oficio de xornalista o que o levou a indagar no fútbol máis alá da superficie e a paixón. Se o labor do xornalista é entender as realidades e contar o que está pasando, o teatro semella un medio tan bo como calquera outro para contalo.

Como xa ocorrera con *Fariña*, as táboas serven para achegar as historias xornalísticas dun xeito único; combinando documentalismo, música, humor, traxedia... É curioso que se ben no fútbol é habitual falar de teatro, entendido como simulación, no teatro non é nada habitual falar de fútbol e, unha vez visto o espectáculo que armaron Tito Asorey e José L. Prieto sobre os textos de Carretero, custa crer que non pasara máis. O fútbol ten moito máis que ver coa vida e a política que co deporte, reflexa moi ben como somos, cal é a sociedade que construímos ou na que, como meros espectadores, habitamos enfadados coas decisións dos árbitros ou alegres polo ben que vai o noso equipo.

Sobre os escenarios vemos desfilar personaxes que representan ideas, accións, persoas... lévannos a sitios onde non estivemos antes —ou si— ou nos que non queremos estar. Nos campos sucede ás veces o contrario, vemos persoas sobre as que proxectamos as nosas ideas de como deberían ser e como deberíamos ser nós.

Outra cousa compartida do fútbol co teatro é a capacidade para producir conversos. Decía Eduardo Galeano, o referente habitual á hora de “dignificar” o fútbol como temática cultural, que o fútbol é a única relixión do mundo que non ten ateos, non serei eu quen diga que o teatro tampouco os ten, porque algún

hai, pero si que é certo que ten a capacidade para crear conversos. Un espectáculo que chega ao público pode facer reflexionar sobre temas da vida nos que un non reparara, ou sobre os que non quería reparar; incomoda, conforta e, nalgúns casos, ata pode cambiar a vida, que é senón ser crente?

Recortes, caneos e outras formas de driblar explora a condición humana a través dos personaxes que conforman esa gran comedia que é o fútbol moderno. Unha comedia da que coñecemos os mecanismos que fan que funcione, pero que continúa a funcionar porque ten o poder de crear comunidade, unha comunidade ás veces acrítica, pero outras —menos das que nos gustaría, seguramente— con gran poder de transformación social, de integración e solidariedade. Como todas as paixóns, é algo difícil de controlar, claro, e podes acabar asimilando por completo comportamentos ou credos que noutros aspectos da vida serían completamente intolerables. Pero é que o fútbol, o teatro e a vida son así, ingobernables.

O fútbol, aquí e hoxe

Fran Núñez

Director do Centro Dramático Galego

Este ano conmemórase o vixésimo aniversario do pasamento de Roberto Vidal Bolaño, o noso insigne dramaturgo que soñou cun teatro do aquí e de hoxe, que reclamaba que a realidade subise ás táboas en tempo presente e compartido. A vida, as paixóns, coas súas luces e as súas sombras, como espello da sociedade.

Poucas cousas hai que esperten tanta paixón coma o fútbol. Ese deporte, capaz de facer que unha cidade se bote á rúa para celebrar un título ou chorar un descenso, destaca as máis fondas paixóns, virtudes e miserias da nosa sociedade. O fútbol, coma o resto dos ámbitos en que desenvolvemos a nosa vida, está formado polas persoas. Para ben ou para mal, somos nós. Por iso, *Recortes, caneos e outras formas de driblar* fala de nós, do que anhelamos, do que ocultamos e do que non queremos que a xente coñeza.

Eu teño, dende sempre, un vencello moi especial co fútbol. Sen ser un gran consumidor, xérame unha



especie de profunda atracción que me leva á infancia, a aquel estadio de Balaídos onde me criei, naquel tempo en que o Superdépore, o Eurocelta e o Compos, en primeira, abraiaban o planeta fútbol. Aquele tempo dos penaltis de Djukić e Alejo e da maxia de Djalminha e Mostovoi.

Meu avó traballaba no estadio. Era Antonio, o carpinteiro, o que abría a porta e controlaba os accesos; o que reparaba cousas. Marcial era o responsable das botas e do material; Alfonso, o do céspede. Miña avoa Pacita traballaba controlando o acceso aos baños durante os partidos e limpando as bancadas. Carme a Pildraca encargábase da lavandería.

Crieime con esa xente, xogando naquelas bancadas e tirándolle penaltis a Maté cando eu case nin sabía andar. Pasou o tempo e a miña avoa substituíuna unha máquina que sopraba o lixo que quedara no estadio e a meu avó substituíuno unha empresa de mantemento.

O fútbol profesionalizouse e así o “trivote” formado por Marcial, Alfonso e Antonio, apoiados nun valo publicitario detrás da portería de gol en cada partido, xa non tiña sentido.

A meu avó custoulle entender iso. Ese fútbol no que as empresas estaban por diante das persoas que levaban alí toda a vida non era o seu fútbol. Dende o club tiveron un detalle con el por tanto tempo de dedicación. Chamárono para ofrecerlle un abono vitalicio que rexeitou cunha frase que quedou para o noso recordo: “Non vou”. E non volveu. Nós volvemos agora a través deste espectáculo. Igual non é que cambiara o fútbol, como dicía meu avó, igual é que cambiamos nós. Por iso segue sendo tan necesario un teatro do aquí.

RECORTES

CANEOS E OUTRAS FORMAS DE DRIBLAR

O novo espectáculo de Xosé A. Touriñán e Nacho Carretero continúa o seu percorrido polos teatros galegos. As diferentes caras do mundo do fútbol, as paixóns incotrolables, os vicios, as alegrías e as penas, as lendas e, sobre todo, a festa que leva ás gradas o deporte que Jorge Valdano calificou como a “cousa máis importante das cousas menos importantes” estará durante estes meses nos seguintes teatros:

PRÓXIMAS DATAS

BURELA
7 e 8 de xaneiro
Auditorio da Casa da Cultura

LUGO
13 e 14 de xaneiro
Auditorio Gustavo Freire

VILAGARCÍA
20 e 21 de xaneiro
Auditorio Municipal

A CORUÑA
26, 27 e 28 de xaneiro
Teatro Colón

FERROL
3 e 4 de febreiro
Auditorio Municipal

FAITE COAS ENTRADAS EN RECORTES.GAL

MARÍA CASARES REGRESA Á CORUÑA DA MAN DE CONTINENTE MARÍA

“A falta de terra propia, acharía unha tan grande como o vasto mundo: o escenario, onde se pode inventar toda clase de vidas, e os mortos regresan para saudar”

María Casares

TEXTO SAÚL RIVAS — FOTO AIGI BOGA

Neste 2022 no que se conmemora o centenario do nacemento da máis universal das nosas actrices, *Continente María* dialoga coa extraordinaria figura de María Casares. Personalidade imprescindible do teatro da segunda metade do século XX, Casares nunca volveu á terra que a viu nacer logo do exilio forzado polo Golpe de Estado do 36. Establecida en Francia, o seu talento e personalidade traspasaron fronteiras e deixou unha fonda pegada e un legado escénico extraordinario. Regresou agora a Galicia a través da súa patria, o teatro.

O espectáculo naceu dunha investigación constante sobre María Casares que Tito Asorey e Melania Cruz levaron a cabo durante anos. O director e a actriz galega uniron forzas coa dramaturga uruguaia Marianella Morena e o compositor e multinstrumentista bielorruso Vadim Yukhnevich para construír un espectáculo que busca achegar a María Casares desde unha perspectiva contemporánea e atractiva para o público.

Coproducida por Ainé, A Quinta do Cuadrante, o Concello da Coruña e o Centro Dramático Galego, *Continente María* estreouse o 16 de maio no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e continuou en cartel ata finais de maio no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Posteriormente, o espectáculo comezou unha xira por Galicia que aínda está en marcha.

O día da estrea, o Teatro Rosalía de Castro encheuse para recibir na cidade a unha das máis ilustres veciñas, que marchou para non volver, pero que sempre tivo a casa da Rúa Panaderas nos seus pensamentos e no seu corazón. O público reunido nun teatro cheo como nas grandes ocasións, puido por momentos ver de novo a María Casares na pel de Melania Cruz, quen transita pola vida, acentos e sentimentos da Casares como se fosen a súa propia casa. Unha interpretación magnífica e chea de matices que encheu de emoción as bancadas do Rosalía.

A música, elemento fundamental desta obra, logrou crear un espazo no que esa emoción e o dinamismo ían da man e convivían coa reflexión sobre o amor, o exilio, a guerra ou a identidade. Neste sentido, a presenza de Vadim Yukhnevich cobra un sentido moi especial, coa súa capacidade de evocar, a través da música, infinitas sensacións, creando un espazo no que María Casares se mostraba ante o público falándolles directamente á alma. Tanto é así, que as interpretacións de Melania e Vadim foron aplaudidas ata en dúas ocasións durante o espectáculo, finalizando cunha gran ovación final con todo o teatro posto en pé.

ENTREVISTA A

María Lopo

“María Casares fixo vivir Galicia na creación artística francesa”

TEXTO AMARA FONTAO



Como Cincenta, María Casares marcha correndo xunto á súa familia e, á idade de catorce anos, deixa atrás unha cidade de cristal cando chega a outra de luz. Pero nin o exilio nin a historia do século pasado do noso país son contos de fadas. Nada dun matrimonio entre unha nai de clase obreira e un pai de boa familia, avogado que chegaría a presidente do Goberno, a singularidade da figura que chegou a ser María Casares habitou sempre no seu talento sobre as táboas e no seu compromiso republicano e progresista.

Pasou un cento de anos do seu nacemento sen que o seu nome teña na terra que a viu nacer a soa que continúa a ter María Casares en Francia. O noso é un país moi duro coa memoria. Para darlle voz á actriz falamos con María Lopo, Doutora en Literatura Francesa, ensaísta, escritora de teatro e unha das persoas que máis teñen estudado e escrito sobre a actriz dende Galicia.

EN QUE RADICA A SINGULARIDADE DE MARÍA CASARES?

Como creadora, pode que na confluencia de varios factores: posuír unha gran sensibilidade para a palabra poética, asumir plenamente o seu corpo de muller, ter a capacidade de adaptación que pode dar o exilio, e vivir de xeito cotiá a interculturalidade.

COMO CHEGOU ATÉ A FIGURA DE MARÍA CASARES E POR QUE LLE CONTINÚA A INTERESAR INVESTIGAR SOBRE ELA?

María Casares sitúase na intersección de catro intereses centrais na miña vida: Galicia, a literatura e a cultura francesas, o feminismo e a memoria histórica. Nunca deixará de interesarme porque nunca deixo de aprender con ela, é un mundo de mundos, unha figura poliédrica que enriquece a todas aquelas persoas que nos interesamos pola súa obra.

«María Casares practicou a sororidade, apostou pola liberdade e foi un modelo de superación persoal»

SEMELLA QUE MARÍA CASARES NACEU E VIVIU SEMPRE NA BEIRA DA SOCIEDADE, RODEADA DE SITUACIÓNS E PERSOAS PECULIARES E POLÉMICAS. ERA ELA CONSCIENTE DAS PARTICULARIDADES QUE A ARRODEABAN?

María Casares ocupaba ao inicio da súa vida un lugar central nunha sociedade que non puido ser, unha

sociedade —di ela— feita para vivir en paz, na cal fora educada no seo dunha familia progresista e nas aulas de avanzada pedagóxica do *Instituto-Escuela*, inspirado nos principios da *Institución Libre de Enseñanza*. Na marxe na que a situou o exilio sempre foi consciente disto, e sempre se sentiu orgullosa da cultura republicana da que proviña, que representou con fidelidade e compromiso durante toda a súa vida.

TAMÉN, NO RELATIVO Á SÚA CONTORNA, FORMARON PARTE DA SÚA VIDA MULLERES MOI INDEPENDENTES E SINGULARES PARA A ÉPOCA: A SÚA AVOA ERA CIGARREIRA, AMANTE DUN MILITAR E NAI SOLTEIRA; A SÚA NAI, COSTUREIRA, EXILIADA E MULLER DE CASARES QUIROGA; MULLERES COAS QUE COMPARTIU EXILIO COMA A MESTRA REPUBLICANA AMALIA DE LA FUENTE ABAD OU A DOUTORA EN FILOSOFÍA DE ASCENDENCIA XUDÍA NINA REICYN... PENSA QUE MARÍA CASARES SE ATOPABA NA VANGARDA DO QUE HOXE CHAMAMOS FEMINISMO? EN QUE MEDIDA CONTRIBUÍU NA CONQUISTA DOS DEREITOS DAS MULLERES?

Certamente as mulleres que nomeas contribuíron de xeito decisivo á súa propia vivencia dunha condición feminina aberta e plural, e non dunha maneira teórica, senón na vida real, no día a día; por poñer un exemplo, María Casares e a súa nai Gloria Pérez, refuxiadas en Francia, participaron nas redes de entre-axuda de mulleres durante a Ocupación alemá e tentaron, sen éxito, salvar á súa amiga Nina Reicyn da deportación a Auschwitz, acolléndoa valentemente na súa casa. María Casares coñeceu e practicou a sororidade, apostou pola liberdade na súa vida privada e profesional, e foi un modelo de superación persoal. Por estas e tantas outras razóns é unha muller na vangarda, que integrou de xeito natural os principios feministas. Coñecer e recoñecer a súa figura asenta e amplía, por suposto, a historia das mulleres e das liberdades no século XX.

COMO FOI A INFANCIA DE MARÍA CASARES NA CORUÑA? PENSA QUE ELA QUERERÍA MARCHAR DA SÚA TERRA NATAL DE NON TER QUE SE EXILIAR?

Segundo ela mesma afirma nas súas memorias, *Residente privilexiada*, viviu unha infancia feliz e plena, aberta á natureza e ao exercicio físico en liberdade, posto que para que a nena medrase sa e forte, a familia pasaba os veráns en Montrove, onde a praia de Bastiagueiro foi un dos paraísos da súa infancia. O outro foi, sen dúbida, a biblioteca familiar da rúa Panaderas, onde o seu pai a iniciou na recitación dos seus poetas preferidos, como Manuel Curros Enríquez, e na práctica de experimentos científicos. Non sei cal sería a súa relación con Galicia sen o exilio, mais si sabemos cal foi a consecuencia del, pois María Casares declarou en repetidas ocasións que a súa infancia galega representou un tempo de plenitude que conservou nela como un paraíso íntimo e verdadeiro, fonte de enerxía creativa e de estabilidade vital.

O PRIMEIRO QUE SE ASOCIA A MARÍA CASARES É O TEATRO, PORÉN TAMÉN TRABALLOU NO CINE. QUE VISIÓN TIÑA ELA DESTES ÁMBITOS NOS QUE DESENVOLVEU A SÚA CARREIRA?

María Casares dicía que ela era unha actriz de teatro que facía cine. No teatro sentíase parte activa dun proceso creador; de feito, prefería de lonxe a investigación dos ensaios á representación xa fixada, momento no que a obra deixaba de interesarlle. A complexidade da industria cinematográfica impedía a María Casares o control do tempo e a construción das personaxes; sentíase obxectualizada, pasiva, excluída dunha creatividade que semellaba pertencer só ao realizador do filme. Malia todo, participou en rodaxes míticas do cinema europeo, como o *Orfeo* de Jean Cocteau, no que interpreta a personaxe da Princesa, encarnación da morte, sen dúbida a súa imaxe icónica na gran pantalla.

«A súa infancia galega representou un tempo de plenitude que conservou nela como un paraíso íntimo e verdadeiro, fonte de enerxía e de estabilidade vital»

COMO ERA A RELACIÓN ENTRE CAMUS E CASARES E QUE IMPORTANCIA TIÑA O TEATRO NA COMPLICIDADE QUE COMPARTÍAN?

O teatro foi o que uniu as vidas de María Casares e do escritor Albert Camus, posto que se coñeceron e iniciaron a súa relación amorosa en 1944, durante os ensaios de *O malentendido*, obra de Camus protagonizada pola actriz. A súa é unha relación vital moi integral: amorosa, creativa, profesional... tamén complexa e difícil, por suposto; é, sobre todo, unha relación entre iguais. María Casares escribiu sobre o seu amor con Camus que era este un lugar onde non se coñecían as vertixes do exilio. Unha boa maneira de achegarse á súa relación é a lectura da excelente correspondencia que intercambiaron entre xuño de 1944 e decembro de 1959, ata uns días antes do falecemento do escritor en accidente de automóbil, o 4 de xaneiro de 1960.

A FAMA DE MARÍA CASARES EN FRANCIA É INDISCUTIBLE. EN GALICIA, FOI NOMEADA FILLA PREDILECTA DA CORUÑA PERO NON É TAN AMPLAMENTE COÑECIDA. POR QUE PENSA QUE SE DÁ ESTA SITUACIÓN E QUE FAI FALTA PARA PROXECTAR MÁIS O NOME DA ACTRIZ?

O descoñecemento da figura e da obra de María Casares non é, por desgraza, unha excepción, senón

un exemplo máis da situación padecida por moitas outras personalidades excepcionais do exilio republicano, e polo exilio republicano en xeral. Dignificar, estudar, divulgar e incorporar ao noso presente a historia do exilio é aínda hoxe unha materia pendente tanto en Galicia como en España en pleno século XXI.

MARÍA CASARES ILUSTRA Á PERFECCIÓN A IDEA DE TODO O QUE SE PERDEU TRALA GUERRA CIVIL. É IMPOSIBLE SABER QUE PERCORRIDO TERÍA DE QUEDAR AQUÍ, PORÉN, PENSA QUE A ESCENA TEATRAL E AUDIOVISUAL GALEGA SERÍA MOI DIFERENTE HOXE DE NON TER TRIUNFADO O GOLPE DO 36?

A sociedade galega sería por suposto diferente e, en consecuencia, tamén o serían as artes teatrais e audiovisuais. Non podemos saber se María Casares sería actriz se non se vise obrigada ao exilio, mais si sabemos que, como actriz, fixo vivir Galicia na creación artística francesa, e que nela deixou a súa traza oceánica e un vento de liberdade. Recuperalos con dignidade, respecto e agarimo só pode enriquecer a nosa creación contemporánea galega.

CAMIÑANDO CANDA A MARÍA CASARES

TEXTO AMARA FONTAO

Poucos lugares explican tanto e tan ben a María Casares como a casa que viu nacer a Vitoliña. Da cidade de cristal marcharía a Madrid xunto cun pai presidente do Goberno da II República e unha nai descendente dunha cigarreira coruñesa. Despois, o exilio francés.

Poucos edificios explican tanto e tan ben o espolio franquista. O 11 de agosto do 1936 uns falanxistas rexistran a vivenda familiar, o 25 de setembro incautan os mobres e trasládanos a un almacén e o 16 de decembro cédena á Cruz Vermella. Xa ben entrada a democracia, no ano 2001, o Concello da Coruña adquire a casa —un pagamento que facemos toda a cidadanía por un inmobre no seu día roubado—, onde se instala o Museo Casares Quiroga o 14 de abril do 2007.

LEVAR BASTIAGUEIRO E MONTROVE A CHARENTE

No departamento francés de Charente continúa erguida a Maison Maria Casarès, arraxada no seu día co diñeiro que gañou a actriz tras vender a súa correspondencia con Albert Camus. As praias de Bastiagueiro e Montrove, escenarios da infancia de María Casares, estaban pechadas en dous frascos desa casa da Nouvelle-Aquitaine.

Co pasamento de María Casares a casa correu a sorte que a súa dona quixo: púxose a disposición da poboación Alloue en agradecemento a Francia. Dende entón é xestionada por unha asociación, o celeiro pasou a ser un escenario con capacidade de 200 espectadores e comezaron a organizarse, primeiro, xuntanzas estivais de actores teatrais e, despois, pasou a ser unha residencia para intérpretes.



FOTO: Alberto Marti Villardefrancos. Bastiagueiro no 1937



FOTO: ACCR. Maison Maria Casarès

INGRESAR NO CONSERVATOIRE NATIONAL SUPÉRIEUR D'ART DRAMATIQUE

FOTO: franceinfo.fr

No parisino 9º distrito, o número 2 da Rue du Conservatoire, malia que poida resultar redundante. Ao chegar a Francia coma exiliada, María Casares non falaba francés pero acabaría ingresando no *Conservatoire National Supérieur d'Art Dramatique* (CNSAD), que forma parte da Universidade de Ciencias e Letras de París e está supervisado polo Ministerio de Cultura francés. Nos anos de mocidade de María Casares e hoxe, tivo e ten o conservatorio unha taxa de aceptación moi baixa.

Non foi ao primeiro nin ao segundo intento que foi admitida a exiliada republicana. “Fala francés como unha vaca española”. Corenta anos despois diríanlle que para traballar en Madrid debía quitar o acento galego.

NACER NO THÉÂTRE DES MATHURINS

FOTO: 75.agendaculturel.fr

O escenario ao que sube Vitola e do que baixa María Casarès é o do parisino teatro Les Mathurins. Foi no mes de novembro de 1942, tal e como conta nas súas memorias, *Résidente Privilégiée*, baixo a dirección de Marcel Herrand y Jean Marchat.

Botou dous anos na Comédie Française e María Casares marchou. Porque dicía que era demasiado querida.

COÑECER A CAMUS NA CASA DE PICASSO

María Casares e Albert Camus. Sorprenden dous grandes nomes que se xuntan, e resulta aínda máis curioso cando o nome de Pablo Picasso se cruza polo medio.

A actriz e o filósofo existencialista coñécense no estudio que o pintor, que tamén viviu parte da súa infancia na Coruña, tiña no icónico Bateau-Lavoir. Este edificio do distrito de Montmartre de París tornou dende finais do século XIX nun club non oficial de intelectuais e artistas, un espazo propio para a estrañeza e a curiosidade do cruce de persoeiros como Henri Matisse, Jean Cocteau, Gertrude Stein ou Charles Dullin. E este é o momento no que o lector ou lectora se decata da riqueza –cultural pero tamén en xeral– que trae a vida en liberdade e o triste que é que todo tivese que acontecer en París sendo María Casares de aquí.

En fin, o que pasou pasou e a relación entre Casares e Camus é historia e a súa correspondencia, literatura.

María Casares xira por Sudamérica en dúas ocasións, a primeira en francés e a segunda en castelán, coa *Yerma* de Margarita Xirgú. Até o Teatro Colón de Buenos Aires chegou a obra e alí estaban persoeiros como Laxeiro, Seoane, Blanco Amor, Virxinia Pereiro... Moitos compatriotas de María Casares que sabían tan ben coma ela que o exilio é unha viaxe só de ida. Porque nunca regresou á súa Galicia natal para subirse aos escenarios.




FOTO: Pablo Picasso fronte a Bateau-Lavoir



Na pel de María Casares

Melania Cruz

Actriz

Parafraseando á admirada Olga Novo...

“Querida María, estou aprendendo a ladrar...”

... Une - saison - en - enfer.

Repíte conmigo.

Une - saison - en - enfer.”

Aquí estou. Cigarro en man. Café sobre a mesa, tratando de dar forma a todas cantas cousas boas me trouxo penetrar no teu Continente coa maior honestidade que puiden. Como facelo doutra maneira? É posible?

As conversas comezaron co outro lado do océano, con Marianella, tan lonxe pero tan preto, e empezaron a prenderse focos de luz ao longo e ancho do vasto globo terráqueo.

Pronto apareceron, en cada función, en cada mensaxe, en cada nova conversa, en cada ollada, en cada sorriso, en cada bágoa, diversas persoas que posuían unha conexión con ela que nos axudaron a completar, enriquecer e dar



FOTO AIGI BOGA

significado a moitas interrogantes entorno á súa figura inmensa, figura que merece ser coñecida e reivindicada pola súa importancia no teatro, no cinema, na radio e na vida política. Ben merece, como mínimo, un teatro na súa cidade natal que leve o seu nome.

María foi como un desatoador que me fixo reaprender os conceptos de liberdade, fidelidade (a si mesma) e compromiso (coa profesión e coa vida).

Só poden sentir agradecemento por cada un dos corpos, das mentes, que nos apoiaron neste proxecto dende o comezo. Touri, Saúl Rivas, Álvaro Pérez Becerra, Javi Lopa, Roberto Salgueiro, Laura Canto, María Armesto, María Lopo, Arantxa Estévez, Ana Cermeño, Concello da Coruña, Concello de Rianxo, CDG, Ramiro Rodríguez Bausero, Daniel Galindo, Javier Hernández Simón, Vanesa Sotelo, Davide González, Ernesto Is, Nerea Brey, Nela Fraga,

Hugo Álvarez, Camilo Franco, Manuel Xestoso, Ana Gayo, Diego Ameixeiras, Ana González Liste, Roberto Pascual, Afonso Becerra, Dieh QS. Percorrer este Continente da man de Tito, Vadzim, Marianella, Celia, Laura, Coti, Coco, Javi, Iván, Claudia, Lidia... Non se pode soñar con mellores e máis xenerosos brazos para dar a luz esta criatura que agardamos que continúe medrando con toda a paixón e intensidade coas que a Casares viviu e vive.

María vive en min, en nós, nós táboas do teatro, no esforzo, na resistencia, na sede de coñecemento, no inconformismo, na busca constante. Sen dúbida, é un claro referente merecente de ser transmitido e difundido en todos cantos foros sexa posible, fóra e dentro das nosas fronteiras porque, como ela mesma dicía: “Non sei se hai fronteiras, pero dende logo, se as hai, non están onde din os mapas.”

Saúde e teatro, moito teatro.

CONTINENTE MARÍA

UN DIÁLOGO CON MARÍA CASARES

O Ano Internacional María Casares valeu para poñer novamente de actualidade unha das máis grandes figuras que tivo o teatro no século XX. *Continente María* dialoga co seu legado e por iso vai trazando tamén a súa propia cartografía teatral. Así, viaxa tamén a París, onde naceu como artista, e a Madrid, onde se sentiu exiliada por vez primeira e de onde foi arrincada por mor da barbarie fascista.

PRÓXIMAS DATAS

CARBALLO
27 de xaneiro
Pazo da Cultura

NARÓN
4 de marzo
Pazo da Cultura

MILLADOIRO
24 de marzo
Casa da Cultura

PONTEVEDRA
20 de abril
Teatro Principal

MADRID
Do 6 ao 11 de xuño
Naves del Español

CONSULTA TODAS AS DATAS EN CONTINENTEMARIA.GAL





Os 1.998 km de costa de Galicia e os 70.000 espectadores de *Fariña*

Ir ver a obra de teatro baseada na investigación de Nacho Carretero para pasear pola nosa historia contemporánea

POR AMARA FONTAO
FOTOS AIGI BOGA



Día seis de abril do 2022, está nubrado en Galicia cando un primo de Sito Miñanco é detido xunto a outros vinte individuos. Día trece de abril, chove mentres a Policía desarticula o que a prensa deu en chamar o maior punto de venda de cocaína de Lugo. Día quince de abril, sae o sol pero choven billetes de 5.000 e 10.000 pesetas coas caras de Touriñán ou Sergio Zearreta no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

O narcotráfico en Galicia segue dando moito que contar. Por iso *Fariña, o espectáculo teatral*, a finais do 2022 leva xa tres anos a voltas polos escenarios galegos e españois, e por iso se segue a sumar xente aos 70.000 espectadores que xa viron a obra. Foi algo que viron vir Touriñán e Nacho Carretero cando iniciaron o proxecto de facer da investigación xornalística do segundo, unha obra de teatro na que actuaría o primeiro. O caso é que en abril o resultado desta idea volveu a Lugo e fun ver de que ía a cousa.

Dez minutos antes de comezar vexo ao director, Tito Asorey, sentado unhas poucas butacas máis á dereita, discretamente. Como tirar tomates xa non está de moda e a obra ten boa crítica, despreocúpome pola saia branca. Porén, si caio no difícil que debe ser formar parte do “fenómeno *Fariña*” e conseguir sorprenden a un público que xa puido ler o libro, ver a serie en Netflix e ata ler e ver en formato cómic. É marabilloso descubrir no transcórren de dúas horas o poder das historias para se transformar e ofrecer novas lecturas, cando a creatividade e o talento humanos non deixan de atopar novas formas de se expresar.

No labor de adaptación xuntoouse o asesoramento de Nacho Carretero coa palabra dramática de José L. Prieto —nome composto, así cunha inicial cuxo punto debe de quedar moi ben na portada do libreto que ergue unha obra para o recordo—. Foron cinco os actores que subiron ás táboas e deron vida a todas esas letras, acompañándoas de música en directo, mais os personaxes que encarnaron son tantos que nin procurei facer a conta. Xosé Antonio Touriñán, Melania Cruz, César Goldi, Sergio Zearreta e Borja Fernández. O elenco desenvólvese nun escenario sinxelo no que a iluminación se converte nunha sexta actriz e a música na séptima. Con esta última mención chega o momento de recomendar *Que mal vai ter?* de Novedades Carminha, a banda sonora orixinal non podía correr por conta de ninguén que entendese mellor a retransca que se transmite no escenario.

Fariña non despedicia ningún elemento dos que ten ao alcance e consegue convencer ao público para que participe, dándonos o papel de extras ou de coristas cada vez que necesitan botar man de nós. A risa é un elemento central deste espectáculo que tamén é consciente da responsabilidade que ten á hora de transmitir un episodio negro da historia recente de Galicia, así como dar conta da súa continuidade a día de hoxe. A vertente documental, latente sempre, fai que non esquezamos que fóra do auditorio todo o contado tamén pasou. Tamén pasa.



AO REDOR DE FARIÑA: ADICCIÓN DE HOJE EXPLICADAS NO TEATRO

TEXTO SOFÍA GARCÍA
FOTOS AIGI BOGA

O fenómeno *Fariña* botou luz sobre a historia do narcotráfico en Galicia mais tamén sobre a lacra social que é a drogodependencia. O teatro foi máis que nunca un espazo de diálogo, con mozos e mozas, familiares e persoas expertas en condutas adictivas.



Ao redor de Fariña nace do compromiso coa sociedade e aséntase sobre os cimentos dunha realidade. Unha iniciativa que parte do mesmo contexto sobre o que se asenta *Fariña*, en calquera dos seus formatos, sexa o libro, a serie, a banda deseñada ou o espectáculo. Trátase dunha pequena aproximación a un pasado á volta da esquina, a un presente inmediato e a un futuro que está a piques de chegar.

Un proxecto que emprega o pulo e o impulso de *Fariña*, o espectáculo teatral, como recurso; dando pé a unha conversa necesaria e amosando as súas cartas sobre as táboas. Deste xeito, en paralelo á representación, xorde unha nova escena. Unha función enfocada no diálogo, na sensibilización e na prevención.

Así, *Ao redor de Fariña*, pretende xerar unha conversa sobre condutas adictivas, que permita reforzar o acceso á información sobre elas e actuar dun xeito preventivo. O propósito recae en dotar de coñecemento á xuventude, incidir sobre a súa capacidade autónoma na toma de decisións e desnormalizar certos hábitos perigosos que, en moitas ocasións, non son recoñecidos como tal.

Unha xornada para falar de drogodependencia, baixo o marco que xera este debate, mais que non se limita á problemática derivada do consumo de estupefacientes, senón que tamén identifica outro tipo de rendicións. As adiccións hoxe lévannos a falar de tecnoloxía, de redes sociais, camiños nos que se cruza tamén a ludomanía e as famosas casas de apostas... Iníciase, así, unha conversa que cómpre ter e faino da man de especialistas, habilitando unhas xornadas

lúdico-educativas para as novas xeracións e tamén para as familias. Información para todos e todas, ferramentas para comprender, actuar e decidir con capacidade e potestade.

Neste momento, o pano ábrese para recibir os Doutores en Psicoloxía Antonio Rial, Manuel Isorna e Patricia Salgado. Profesionais que exercen o seu labor divulgativo e educativo na rede universitaria galega e que, comprometidos coa iniciativa, achegan o seu saber ao teatro e á súa audiencia.

No transcorrer destas novas escenas e componendo a cara máis lúdica da actividade, aparecen tamén as caras recoñecidas, aquelas que conforman o equipo teatral de *Fariña*. Un reclamo que atrae á mocidade e, incidindo sobre unha temática de vital importancia, trasládaa a este público máis susceptible de ser intimidado.

A posibilidade que xesta esta iniciativa, dende a comunicación bidireccional até a complicidade, permite armar de coñecemento e información ás novas xeracións; concienciando, dende as idades máis novas, para garantir futuro.

A photograph of a festival at sunset. The sun is low on the horizon, creating a warm, golden glow and long shadows. In the foreground, several people are walking away from the camera towards a large, white, conical tent in the middle ground. The background shows more people and trees under the bright sky. The overall atmosphere is festive and communal.

CULTURA, COMEDIA E TRADICIÓN AO PÉ DO XALO

O Castelo Conta regresou este verán con teatro, música, actividades para todos os públicos e moita festa. Milleiros de persoas acudiron á VII edición dun festival de referencia para a cultura no rural.

TEXTO SAÚL RIVAS
FOTO AIGI BOGA

A veciñanza de Castelo implícase na organización e desenvolvemento dun dos acontecementos máis singulares da axenda de festivais galega. Contidos para todas as idades enchen esta parroquia de Culleredo na última semana de agosto.

A espera fíxose longa. Dous anos sen festas, sen xuntanzas, sen compartir as vivencias cos veciños, sen entrar nas casas de outros... Porque iso é o Castelo Conta, unha festa na que a veciñanza de Castelo abre as portas das súas casas a toda a comarca da Coruña para desfrutar do teatro, da comedia, da música... para xuntarnos cos maiores e escoitar as súas historias e lembranzas e aprender un pouco máis de todos nós.

A VII edición do Castelo Conta foi a máis agardada e tamén a máis ambiciosa. Unha semana enteira de programación para todos os públicos desde primeira hora da mañá ata ben entrada a noite. Atendendo ao respecto polo medio natural e co público —ben sexa miúdo ou veterán— no centro absoluto.

O programa #SenPlásticosNoMonte é un dos piares sobre os que se sustenta esta proposta, unha iniciativa que busca concienciar sobre a necesidade de coidar o noso medio natural, evitando os plásticos dun só uso e facilitando a separación de residuos para a súa reciclaxe, porque tan importante é o que se ve durante a semana do festival como que non se vexa a súa pegada unha vez rematado.

Entre as novidades deste ano, a máis visible foi a estrea dun novo escenario, a Leira de Himerio, en Folgueira. Este recinto, localizado a poucos pasos do Centro Social de Castelo, ao carón do cal se realizan múltiples actividades da Xente Miúda do Castelo Conta e dos Contos de Castelo, funcionou tamén de lugar de benvida e información ao visitante, cunha gran pantalla instalada na entrada e os postos de información e venda de materiais promocionais e entradas. Chegando a Castelo, as marquesiñas e bandeirolas indicaban a dirección correcta e a programación dos diferentes lugares da parroquia a quen se achegou no final de agosto a Castelo. Un pequeno lugar ao pé do monte Xalo que durante unha semana alberga unha programación cultural de primeiro nivel e que ten unha implicación da veciñanza total.

E é que o Castelo Conta son as festas dos veciños, a “festa que lle deu a volta á festa”, en palabras de Xabier Díaz, que apostou por unha semana diferente na que as comidas populares, as rosquilleiras e as misas do patrón conviven co teatro infantil, os monólogos cómicos, a música de raíz popular máis vangardista, os obradoiros... En Castelo puidemos ver os concertos de Sés, Caamaño&Ameixeiras, Guadi Galego, Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, Moura, Xurxo Fernandes e PanSenFron, Galifunk Brass, Los Mecánicos ou as sesións DJ de Russ e DJ Mínimo.

A Leira de Himerio foi o escenario no que Noemi e Darlene Rodríguez representaron *Hoy puede ser mi gran noche*, que atrapou co seu humor a todo o público de Castelo. O *Saboor!* de Fran Rei e Félix Rodríguez cativou aos máis pequenos, que tamén tiveron a oportunidade de desfrutar *Quixote*, unha proposta preciosa e minimalista de Pedras de Cartón. A compañía Chévere trouxo a Eira do Ferrador *As fillas bravas de Momán*, un alegato en favor da igualdade co humor como medio de transmisión. Pola súa banda, a noite de Monólogos, coa participación dalgúns dos mellores humoristas do país e *Somos Criminais 3*, con Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán congregaron ao



FOTO PAULA CORREA



FOTO AIGI BOGA

redor de 1.800 persoas cada unha na polideportiva de Castelo.

Os Contos de Castelo trouxeron novamente ao presente as vivencias, lendas, historias e personaxes doutros tempos na comarca. Aprendemos de festas de antes, das comidas que nelas había, de remedios naturais, de meigallos e bruxerías... e rescatamos a figura de Finita Gay, primeira cantante de orquestra de Galicia. A súa familia compartiu con todos os presentes a súa vida e a súa personalidade extraordinaria. A súa imaxe, pintada polo artista ourensán Mon Devane, preside a fachada do Centro Social desde este verán.

A veciñanza de Castelo tamén se involucrou na formación ambiental para os máis pequenos, impartindo obradoiros de autocultivo nas súas casas e tamén acompañando aos miúdos e miúdas ao monte, para coñecer a flora autóctona, recolectar materia vexetal para construír un refuxio de insectos para preservar a biodiversidade e evitar as pragas e realizar unha plantación simbólica de especies autóctonas no Xalo.

Vivir o Castelo Conta é unha experiencia moi diferente ao que un festival adoita ofrecer, xa que a maiores da programación, está a experiencia de comunidade que brinda a veciñanza de Castelo, axudando en todo o preciso para o bo discurrir do festival, desde prestar un espello para os camerinos das actrices ata abrir as portas das casas á xente para poder conversar á sombra, gozar do teatro e a música e compartir con todos os seus recordos en forma de fotografías e películas en Super 8 de cando moitos de nós aínda non estabamos neste mundo. Polo medio, nunca faltou xente para cociñar para case que 1.200 persoas, ou mover con maquinaria agrícola estruturas e decorados.

A última semana de agosto en Castelo é a mellor cura contra ese síntoma do final de vacacións e de volta á rutina, porque o que aquí acontece ten de todo menos rutinario. Quen non veu a Castelo, non pode entender do que aquí falamos. A próxima oportunidade, en agosto de 2023, alí nos vemos!

ENTREVISTA A

Laura Mahía

“Partindo dunhas cores pensadas ao comezo, despois pódese improvisar”

TEXTO AMARA FONTAO



FOTO PAULA CORREA

Ao poñer o primeiro pé no Castelo Conta podes ata non saber que vas ver, pero o que ves gústache. “Alomenos a cara tena boa”, que diría miña avoa. Iso de non xulgar un libro pola súa portada é algo trapallada, a todo o mundo lle gusta unha edición bonita e coidada. Ata chegar ao Castelo Conta nunca pensei que mirar pola fachada fose tamén determinante na organización dun evento como é un festival. Non sei, chamádeme superficial.

Laura Mahía (Arzúa, 1995) é a responsable da identidade gráfica que inundou Castelo en mil formas diferentes: os seus deseños estaban nos valados publicitarios, nas marquesiñas dos buses, nos vasos, nos decorados dos escenarios, nos mapas, na folia da programación... Se o Castelo Conta é un micromundo aparte que pasa só brevemente en agosto é grazas en parte á estética que o diferencia e sobre a que falamos coa súa deseñadora.

QUE DIFICULTADES OU PARTICULARIDADES TEN DESEÑAR A IDENTIDADE GRÁFICA DUN FESTIVAL QUE XA EXISTÍA DE ANTES CUNHA IMAXE GRÁFICA SUBSTANCIALMENTE DIFERENTE?

É a primeira vez que me enfronto a un proxecto como é facer a imaxe dun festival enteiro, que ao final son un montón de aplicacións que tes que ter, abarca moito. Tiven que pensar ben a conexión entre as cores, as formas e todo para que tivesen relación dende os vasos do festival ata as marquesiñas de bus ou os escenarios. Construír ese universo foi complicado pero despois xa van saíndo sós os deseños. O máis complexo en canto a que o festival xa tivo edicións pasadas foi construír unha identidade completamente nova pero partindo dos mesmos conceptos que se utilizaron outros anos, por exemplo, o de tradición oral, o de cultura rural... Separarme, facer unha distinción dos festivais pasados foi complicado, pois ao comezo igual fixen algún que se me asemellaba a outros que xa tivo o Castelo Conta.

CANTO TEMPO CHE LEVOU TODO O PROCESO, NON SÓ DESEÑAR, SENÓN DENDE O PRINCIPIO CANDO COMEZACHES A PENSAR NO QUE FACER?

Pensar a identidade gráfica para facer todo o manual, sobre dúas semanas. Pero, tamén, ao longo do festival fun modificándoo a medida que me xurdían ideas diferentes, partindo desa identidade gráfica que xurdiu ao principio e engadindo cuestións novas.

QUE TEN QUE TER UNHA BOA IDENTIDADE GRÁFICA PARA QUE POIDA FUNCIONAR INCLUSO CANDO XORDEN NOVAS APLICACIÓNS PARA AS QUE NON ESTABA PENSADA?

Partindo dunhas cores pensadas ao comezo para que non sexan moi discordantes, despois pódese improvisar e utilizar deseños que empregaches para outros usos.



FOTO AIGI BOGA



FOTO AIGI BOGA



FOTO PAULA CORREA

COMO FOI O PROCESO DE POÑER “SOBRE O PAPEL” AS IDEAS?

Normalmente comezo debuxando no Illustrator formas aleatorias e a probar con cores. Unha vez teño as cores paso a deseñar a lapis e facer bosquexos e, se algo me mola, xa levalo ao dixital.

ningún. Co paso destes anos tiven a oportunidade para traballar con marcas como Deleite e fun sentindo que tiña a liberdade de facer o que quería, de probar a facer personaxes sen ser realistas, cambiándolles as proporcións, con cores vivas... Acabei por sentirme cómoda nese estilo.

A IDENTIDADE GRÁFICA DO CASTELO CONTA COMPARTE SIMILITUDES CON OUTROS TRABALLOS TEUS. COMO SE CONSEGUE QUE SE RECOÑEZA A AUTORA DETRÁS DUN TRABALLO QUE PRETENDE DISTINGUIR OUTRA EMPRESA OU EVENTO?

A verdade é que non sei como xurdiu o estilo que teño. Penso que, dende que rematei a carreira, estiven procurando ter un estilo máis persoal que se identificase pero non acababa estando cómoda con

«Fun sentindo que tiña a liberdade de facer o que quería, de probar a facer personaxes sen ser realistas, cambiándolles as proporcións, con cores vivas...»

COMO COMENTACHES, XA TRABALLARAS PARA DELEITE —PATROCINADOR DO CASTELO CONTA— QUE COMPARTE ELEMENTOS OU IDEAS CO FESTIVAL: PRODUTOS DO SECTOR PRIMARIO, A CULTURA RURAL, A PREOCUPACIÓN POLO MEDIO, O VENCELLO CO PAÍS... SERVIU COMO BASE PARA O CASTELO CONTA OU ENGADIU UNHA COMPLICACIÓN?

Serviume de base, si, pero ao principio tiña algo de medo. Xa tiña ese estilo definido, traballei bastante para Deleite e ao final o Castelo Conta ten un concepto parecido de xente e de entorno rural, corría o risco de que se asemellasen demasiado. Por iso, tiven que facer o traballo de aparcar os deseños que adoito facer para Deleite e buscar un estilo un pouco máis diferente para o festival e que non se mesturasen; que cada un tivese unha identidade propia dentro do meu imaxinario e estilo.

DURANTE A SEMANA QUE DUROU O CASTELO CONTA, OS TEUS DESEÑOS ESTABAN EN CADA RECUNCHO DA PARROQUIA. COMO VIVICHES O CHEGAR AO FESTIVAL E VER TODO EMPAPELADO CO TEU TRABALLO?

Flípeime bastante. Ver deseños dunha mesma en real sempre impacta, é algo que me ten pasado pero é diferente ao Castelo Conta. Chegar alí e ver absolutamente todo cheo de debuxos meus foi moi chulo. Ademais, estaba todo moi coidado a nivel de organización; gustoume moito a experiencia de ver os meus deseños tan ben montados.

QUE ARTISTAS TE INSPIRAN?

Encántame a esaxeración da perspectiva nas ilustracións de Alva Skog, as cores vivas e o estilo de



FOTO PAULA CORREA



FOTO PAULA CORREA



FOTO AIGI BOGA



FOTO PAULA CORREA

personaxe de Tess Smith Roberts, a simplicidade e a frescura de Dominic Kerston, Miguel Ángel Camprubí ou Mabel Esteban. A nivel de estudio gústanme moito os proxectos de Folch Studio ou en Galicia Studio Follow.

QUE TE LEVA A SER DESEÑADORA GRÁFICA E ILUSTRADORA?

Dende pequena sempre me gustou moito debuxar e sempre foi unha vocación que tiven moi clara. De adolescente seguíame interesando o tema do deseño, estaba todo o día en clase facendo ilustracións e rematei estudando Belas Artes. Como é unha carreira moi ampla, ao rematar buscando unha saída profesional comeceime a interesar polo deseño gráfico.

«Tiven que pensar ben a conexión entre as cores, as formas e todo para que tivesen relación dende os vasos do festival ata as marquesiñas de bus ou os escenarios. Construír ese universo foi complicado pero despois xa van saíndo sós os deseños»

FOI MÁIS O BUSCAR UNHA SAÍDA LABORAL DENTRO DA ARTE OU PORQUE CHE CHAMABA A ATENCIÓN? OU QUIZAIS POR AMBOS MOTIVOS?

Si, un pouco de todo. Non era unicamente a ilustración o que me chamaba a atención, tamén o deseño, porque son ramas que se complementan entre si.

SUPOÑO QUE NON TODOS OS DÍAS XORDEN TRABALLOS COMO O CASTELO CONTA E A IDEA QUE EXISTE DO MUNDO DA ARTE É DE INESTABILIDADE OU INCLUSO DE PRECARIIDADE. É ACERTADA ESTA VISIÓN?

Si. É un mundo moi inestable, no que hai que pagar unha cota de trescentos euros de autónomos e no que

non se sabe se se vai ter traballo ao seguinte mes. A min gústame moito ser ilustradora e deseñar, pero o que menos me chama desta profesión é a precariedade laboral que hai detrás dela, sobre todo se estás empezando e aínda non tes uns clientes definidos que saibas que che van pedir proxectos.

XENTE DE CASTELO AO LONXE

POR AMARA FONTAO — FOTOS AIGI BOGA



Abrir un álbum de fotos familiar e repasar momentos de lonxe trae sensacións difíciles de explicar por seren moitas e moi diferentes. Dende a sorpresa de ver a xente ou a unha mesma máis nova, a tristura polo que xa non ha de volver, a alegría de revivir os momentos felices... Sobrevoadando todo o sentido está a consciencia do paso do tempo, que coma tópico literario está explotado dabondo mais que é imposible de esgotar na experiencia persoal. Todo isto xa o experimentara de forma individual ou xunto a algunha persoa cercana, pero o que aconteceu unha tarde de agosto no Castelo Conta foi abrir un álbum de fotos parroquial en colectivo.

Foi no derradeiro día de conversas sobre “as cousas d’antes”, chamadas Contos de Castelo, no Alpendre do Ferrador, que sorprendía pola falta absoluta de teas de araña e unha orde impoluta, coma unha posta en escena de película. Xente non entraba máis, e amoreámonos fronte á pantalla na que se ían proxectando as fotografías que a veciñanza da

parroquia trouxera para amosar nesa tarde de lembranzas compartidas.

Ábrese o peculiar álbum colectivo e a vida torna en branco e negro. Un equipo de sete chavales cunha bóla de fútbol sorri cunha palleira de fondo, e nese momento solta Touriñán —tamén veciño de Castelo—: “debían de ser os *photocall* de antes”. “Si, os palleiros valían para moitas cousas”, aclara outro paisano. Despois virían imaxes arreo de familias, parellas, nenos, grupos grandes de xente ou persoas con instrumentos, sempre fronte a unha morea de palla.

O de que o Instagram non reflicte realmente como é a vida da xente é algo que me decatei que vén de vello vendo as fotografías no Alpendre do Ferrador. Se me guiase por esta experiencia vicarial marcharía de Castelo pensando que a xente ía traxeada a diario e que xantaban coma nunha voda tódolos días.

desas imaxes que enganaban era o dun grupo de mulleres novas que, como non teño ollo ningún, non me chamou especialmente a atención. Unha destas rapazas, agora con pelo neve, estaba sentada entre os asistentes. “Foi nun entroido”, dixo. Estrañoume, ían vestidas de normal. “O noso disfrace era ir con pantalóns; tiven que esperar a que marchara meu pai para poñelos e que non me vise”. Pero acabou sabendo ao se *chivar* a súa irmá pequena. “Que sexa a última vez”: foron as palabras coas que rematou a leria. Un señor maior que senta preto de min leme o pensamento: “Como cambiaron os tempos”. “E menos mal”, reafirmoo. “Que tampouco falamos de algo extraordinario, é só poñer uns pantalóns”. Devólvolle en resposta un sorriso máis que sincero.

Seguinte imaxe. Unha muller sentada nun carro coa Capela de San Ramón detrás e un boi a cada lado. Manolo, outro veciño que se achegou aos Contos de Castelo, di que é unha despedida de solteira, “polos boys”. Ningúen sabe quen é a protagonista dunha das fotografías máis fermosas que vemos esa tarde. Este anonimato é todo un convite ao xogo para a imaxinación.

E seguimos pasando fotos, que non damos acabado e xa levamos preto de dúas horas. Desta volta aparece un grupiño de soldados. A mili, fíxose boa! “Os últimos meses tocoume na cociña, cando tiñamos un rebote co capitán ou con quen fose, mexabamos na comida”. “Que se lle dabamos ao clarete (bebida, para os menos entendidos)? O que tiña a chave dos víveres era de Betanzos, con iso xa che digo todo”. “A min pilloume facendo a mili cando morreu Franco; tiña medo de que houbera un *revuelo*, que non era unha broma”. Lembran tamén das cartas que se enviaban con aquelas fotografías, “para as nais ou para as mozas”. Ao meu parecer, non hai dúbida de que a que se está a proxectar é para algunha noiva; aos tipiños non lles quedaban máis botóns da camisa por desabrochar. É coma o das fotos de perfil para o Facebook ou para o Tinder. Se é que xa che estaba

todo inventado.

Chegamos ao final, ao Castelo en movemento dos anos 70 e 80, que descubrimos grazas ás gravacións en Super 8 que fixera no seu momento o home da Julia, que traballaba en RTVE. Eu non son de Castelo, é máis, era a primeira vez que pisaba a parroquia, e aínda así contaxieime da emoción da veciñanza nunha tarde adicada a darlle unha voltiña á tradición, algo que fan de marabilla aquí. Foi unha lelicia escoitar estas e moitas máis historias dos veciños máis maiores, “co micrófono pegado ao queixo, coma Gayoso”, que dixo Touriñán, e nun espazo tan familiar como é un alpendre particular. (Particular e impoluto, debéronlle pasar a aspiradora coa ocasión das festas. A min dáme envexa porque oxalá ter o noso así).

Manolo de Carral, Vitorino, Carmiña de Adulbeiro, o irmán de Toñito, Piluca de Mella, Fina, Enrique o practicante, Toni de Martís... A procesión de personaxes que a veciñanza recoñeceu nas fotografías forma xa parte, un pouquiño, dos coñecidos de todos os que nos achegamos a escoitar os Contos. Son coma os personaxes de Cunqueiro, un retrato deles mesmos á vez que da terra que habitan, son a “Xente de Castelo ao lonxe”, que hoxe se achegan a nós.



FOTO AIGI BOGA

Este é o sitio onde falan os vellos?

Tone Martínez

Actor, director e condutor dos Contos de Castelo

Imaxina un lugar onde se reúna a xente para facer algo tan común e á vez tan extraordinario como é falar e escoitar. Imaxina un festival que teña por bandeira a palabra, a historia, o conto. Imaxina que ese festival se realiza nun entorno máxico e cunhas persoas extraordinarias. Iso é o Castelo Conta.

Que hai máis galego que contar uns contos e botar a lingua a pacer? “Este é o sitio onde falan os vellos?” comentaba unha señora alá polo ano 2018 cando botaba andar os Contos de Castelo. “É, pero tamén é o sitio onde aprende a xente nova dos nosos maiores”.

Nesta edición dos Contos de Castelo descubrimos como eran os menús das nosas festas en tempos, achegámonos ao misticismo das nosas aldeas, coñecemos testemuños de xente que tivo que emigrar, contamos anécdotas a través de fotografías e películas en Super 8 cedidas polos veciños e veciñas e tivemos a honra de coñecer a historia da Martela. Unha muller pioneira no seu tempo que recibiu unha merecida homenaxe por parte da veciñanza e que debería ter un maior recoñecemento a nivel galego.

O meu agradecemento a quen participou, a quen escoitou e a quen tivo a idea de que isto existise. Porque se o Castelo Conta non existise alguén tería que inventalo.



TEATRO PRINCIPAL EIRA FERRADOR, REAL TEATRO LEIRA HIMERIO E OUTROS ESPAZOS PARA DEIXAR ATRÁS A GRANDILOCUENCIA

POR AMARA FONTAO
FOTOS AIGI BOGA

Por aquí non é acaído escribir xuramentos —ou cagamentos, que está aí no límite entre as palabras ben e as palabras mal—, polo que non podo recoller o que dixeron por aló, por Castelo, *As fillas bravas de Momán*. Estas tres mulleres, que trouxeron o espectáculo de Chévere ao Castelo Conta. Na eira da casa do Ferrador, dixeron e cantaron o que lles petou mentres tocaban a pandeireta, á vez que evidenciaban os roles de xénero e reivindicaban a igualdade. Foi unha gozada ver unha veciña da parroquia onde se fai o festival, duns oitenta anos e en primeira fila, escachando coa risa. Por detrás dela meniñas merendendo e brincando cando xa era demasiado tempo sentadas. Tamén estaban aló rapazas coma min que medramos nun mundo no que as reivindicacións feministas estaban xa bastante presentes, e outras como as da xeración de miña nai criadas no franquismo que á vez criaron un futuro de cambios.



O teatro só é teatro cando hai un público que lle dá sentido; coa diversidade presente no Castelo Conta púidose facer unha enciclopedia de lecturas. De aí que todos os espectáculos que formaron parte do festival fosen inéditos malia non haber ningunha estrea, porque o contexto ao que se trouxeron deulle un novo significado á vez que a parroquia tamén se enriquecía deste intercambio.

Un momento, que estou a mentir. Acabo de me decatar de que si houbo unha estrea, a da obra de teatro que preparou a cativada durante o campamento da Xente Miúda. Os máis pequenos tamén tiveron programación pensada para eles, *Saaabor!* ou *Quixote*. Con todo, Castelo Conta é un espazo para a convivencia de persoas de todas as idades, de sinerxías entre o rural e o urbano, de choque e enriquecemento entre tradición e modernidade. Precisamente no valor destes contrastes se asenta *Somos Criminais 3*, obra na que Xosé A. Touriñán e Carlos Blanco fan da idiosincrasia galega humor. A que foi a súa última representación do que resta de ano tivo unha asistencia de 1.200 persoas, aí é pouco. Xosé A. Touriñán e Carlos Blanco subiron ao escenario para facer rir a toda a veciñanza de Castelo. Trátase dun espectáculo que está comezando a xirar e que dá continuidade a *Somos Criminais*, o cal ostenta o récord de entradas vendidas da historia do teatro galego.

Outro dúo cómico que pasou pola parroquia de Castelo foi o das irmás Noemi e Darlene Rodríguez, fillas dun famoso cantante de orquestra da Galicia dos 90, dato significativo, pois arredor da figura do



seu pai e da relación con el fala a obra. Ver *Hoy puede ser mi gran noche* foi cruzar pola risa frouxa un barranco de trauma. Moita música e autoficción nesta produción de Teatro En Vilo “baseada en feitos reais como as películas de Antena 3”, dirixida por unha muller (Andrea Jiménez) e protagonizada por outras dúas, que actuaron nun gran escenario instalado nunha leira, a de Himerio. Ringleiras de cadeiras, un bochinche para cear e beber, xente a moreas e o escenario; penso que me custaría recoñecer ese lugar unha mañá de normal.

Por aquí non podo escribir xuramentos pero podo xurar que Castelo Conta afasta as artes escénicas da tópica idea destas coma unha forma de entretemento refinado, de “alta cultura”. A chegar o teatro a unha parroquia rural de Culleredo poderíase pensar como “vanguardia con raíces”. Pero máis ben é levar unha forma de contar reglada —máis accesible nas cidades e vilas— a un lugar onde impera a forma de contar de sempre, a da tradición oral; e esta, querido público, é a nai da cultura.

Unha visita á festa do teatro



TEXTO SAÚL RIVAS — FOTOS LUANA SANTOS



O Festival de Almada, que celebrou este ano a súa 39ª edición, é un dos máis importantes e singulares de Portugal. A revista *Táboas* estivo convidada pola organización para coñecer de preto o labor que a Companhia de Teatro de Almada, organizadora do festival, leva a cabo.

Na primeira quincena de xullo celébrase en Almada, un pequeno municipio do distrito de Setúbal, en Lisboa, un festival moi singular no que o teatro posúe toda a vila e aos seus habitantes. A un ano de facer os 40, o Festival de Almada convidou a *Táboas* para poder ver dende dentro como se desenvolve un dos máis antigos e singulares festivais teatrais de Portugal, que naceu do empeño dos seus veciños e manter o teatro como sinal de identidade de Almada.

O Teatro Municipal Joaquim Benite, sede da Companhia e unha das sedes do festival é un singular edificio azul, cunha dotación excepcional para o teatro. Puidemos comprobar de primeira man o equipamento e disposición das dúas salas e do resto das instalacións compostas por salas de exposicións, área administrativa, salas de ensaio e espazos escénicos secundarios no restaurante.

Mais a sede “real” do festival é a explanada da Escola D. António da Costa, punto de encontro de público, veciños, compañías, xornalistas e críticos. Alí todos os serás teñen lugar os xantares con concertos mentres non se pon o sol e pode comezar o espectáculo do Palco Grande; un gran escenario ao aire libre instalado ao carón do Teatro Joaquim Benite. Ademais, na propia escola instálanse diversas

exposicións, destacando este ano a dedicada ao escenógrafo José Manuel Castanheira.

Almada realmente é a Festa do Teatro (así se denominou nas primeiras edicións dos anos 80). É un lugar para desfrutar do teatro en sentido amplo, para o intercambio de ideas e unha oportunidade de ver espectáculos dificilmente accesibles doutra forma para o público portugués e galego.

Nestes días puidemos ver monólogos experimentais, teatro do absurdo, teatro do movemento... e mesmo un Shakespeare. Propostas moi diversas integradas de xeito natural nun programa intenso de dúas semanas con máis de dúas obras diarias de compañías portuguesas e internacionais. O Festival de Almada é un exemplo de como achegar o teatro aos veciños e atraer públicos diversos, fidelizando durante case 40 anos varias xeracións de almadenses.

O modelo do Festival de Almada é un exemplo de implicación cidadá e de colaboración con institucións e compañías participantes. É unha festa, si, mais unha festa que integra a didáctica e a crítica dun xeito natural, no que é doado observar na explanada conversas entre veciños e directores de escena chegados de toda Europa, no que é doado xantar con actrices, músicos, iluminadores e no que non falta, como non podía ser doutro xeito, a sopa e o bacallau no menú. Volveremos a Almada, por todos estes motivos mais tamén polo puro pracer de gozar do teatro e chegar en barco desde Lisboa co sol atlántico batendo na proa.



O REFUXIADO, UNHA COMEDIA SOBRE O TRISTE QUE É TODO

TEXTO SAÚL RIVAS — FOTOS RUTH BELTRÁN



Domingo, noite. É a primeira fin de semana de frío dun outono peculiar, como todos os outonos. Chove e venta, condicións malas para a condución pero boas para refuxiarse nos cines, nos teatros e na comedia. E resulta que nesta sátira social con moita comedia e un gran drama —ou varios, segundo como o mires— de fondo que é *O Refuxiado*, temos moito de teatro, de comedia e de cine.

Do cine, concretamente dos clásicos de Hollywood, saca a inspiración para os seus discursos e artimañas políticas o personaxe que interpreta Alejandro Carro: Iván, o mago das palabras. Estamos diante do que nos 90 coñecíamos —de oídas— como un *spin doctor* e na actualidade —polas críticas en Twitter e blogs de ciencia política— como asesor político. Este personaxe é quen move os destinos do resto de actores da obra, un político e a súa familia, cuxos futuros familiares e político dependen das maquinacións deste gurú da comunicación que cre no poder da palabra como método non só de control senón de defensa.

Precisamente a palabra é a gran arma deste espectáculo dirixido por José L. Prieto e escrito por Andrés Mahía, e tamén da compañía Stracciatella Teatro cuxa razón de ser é, en palabras da súa responsable Iria Lamas, facer teatro arraigado no poder revolucionario das palabras. *O Refuxiado* é un bo

exemplo desta filosofía. Trátase dun texto moi sólido, acompañado dunha escenografía sinxela cunha sonoplastia minimalista que aporta notas de cor a unha historia sobre a escuridade das almas, sobre as miserias da sociedade occidental.

Esta produción nace da boa sintonía entre o equipo do primeiro espectáculo da compañía ... *e poñerán esposas ás flores...* de Fernando Arrabal, quen deu “dereito plenipotenciario” a Iria Lamas para representar o texto. Esa montaxe sentou as bases do teatro que queren desenvolver os seus membros, co obxectivo de “facer de espello para reflexionar sobre a realidade”.

O Refuxiado é unha obra que pretende tomar consciencia dos nosos defectos

O refuxiado ao que fai referencia o título é unha escusa, unha palabra máis —cargada de simbolismo e forza, iso si— que serve aos protagonistas para intentar reconducir as súas complicadas situacións e á trama para avanzar e facer medrar as contradicións e miserias duns personaxes que resultan arquetípicos e reais ao tempo. Paco, o político en apuros a quen asesora Iván, está vivindo problemas legais por irregularidades urbanísticas. A súa muller vive nun mundo aparte, descrida, aburrida e alcolizada, e a filla de ambos atópase en plena construción da súa identidade, con toda a imprevisibilidade que iso conleva.

Paco nace do boli de Andrés Mahía que se afanou a escribir esta obra “por unha única razón, volver a



subirme a un escenario como actor”. Sempre resulta interesante ver un personaxe interpretado por quen o creou, podemos ver así ese proceso no que, como indica o propio Mahía, os personaxes que nacen sobre o papel “crecen e fanse de verdade sobre o escenario, nos ensaios. Cando empezan a falar en voz alta, a relacionarse cos outros, a ser observados polos ollos críticos dos compañeiros e do director”.

Facemos de espello para reflexionar sobre a realidade

Entre os catro personaxes que interpretan Alejandro Carro, Andrés Mahía e Iria Lamas (quen interpreta á muller de Paco e á súa filla Almudene), escenifican

moitos dos problemas que como sociedade fomos adquirindo ao longo do tempo. Non estamos diante dunha intriga política ou dun drama social, *O Refuxiado* é unha sátira que expón moitas realidades perversas e grandes problemas actuais pero enunciando preguntas máis que dando respostas. En palabras de Iria Lamas, a obra pretende “tomar consciencia dos nosos defectos”.

Non estamos pois diante dun teatro documental ou dunha parodia simple e efectista, *O Refuxiado* amósase como un espectáculo sólido e comprometido e un gran exercicio de estilo saído da mente dun dos creadores máis reputados do audiovisual galego que debuta na escritura teatral con este espectáculo. É que “son distintas as mañas do guionista de comedia das mañas do creativo de publicidade... hai unha diversidade enorme en todos os traballos de escritura. Por iso, cando me puxen a escribir *O Refuxiado* non esperaba levar a sorpresa que levei. Aos dous ou tres

Estamos ante unha sátira que expón moitas realidades perversas e grandes problemas actuais pero enunciando preguntas máis que dando respostas

folios deime conta de que podía facer o que quixera!”. Esa liberdade chega ao público, que pode ver como o teatro pode contar desde a proximidade e a inmediatez que ningún outro medio permite.



FOTO AIGI BOGA

A mocidade de hoxe en día —insira crítica—

POR
AMARA FONTAO

A comprensión interxeracional nunca foi unha leira excesivamente coidada. O cuestionamento dos valores e códigos dos máis novos adoitan atoparse no menosprezo polas súas formas de ocio. E, digo eu, como unha adolescente vai querer ler os clásicos se de cativa non se lle leron *Os Bolechas* ou *Fina Casalderrey*. A nosa literatura infanto-xuvenil viviu un certo auxe cando os narradores galegos se decataron de que non se pode pretender crear escola sen acoller discípulos. Pois co teatro máis do mesmo.

Ningunha forma de ocio se debe crer superior a outra, mais o “pero” vén da mercantilización da cultura e a consecuente homoxeneización cultural, que subordina as creacións humanas ao rédito económico. Dende este recuncho do mundo e sobre os mundos que nacen dos recunchos que son os escenarios, semella perigar o teatro galego fronte a, por exemplo, o audiovisual baixo demanda. Por suposto, estes non son opostos, o problemático non está en que “a mocidade de hoxe en día non fai máis que ver series”, senón no devecer das artes escénicas.

Achegar aos máis novos ao teatro non é procurar unha actividade coa que entreteles un cacho, é ensinalles un novo lugar dende o que ver a realidade e desfrutar con eles. A responsabilidade recae sobre as familias e docentes, pero tamén sobre os creadores e creadoras.

O topiquísimo “a mocidade de hoxe en día —insira crítica—” débese traducir como “dei por feito que a miña cultura e cosmovisión eran universais e, ao fallar en transmitila a través da educación, sáeme o xenio e boto balóns fóra”. Aquí non hai meteoritos, a extinción só pode vir da renuncia e do descoido do que virá despois.

Xa sabes o que é o leite A2?



O mellor leite posible

WWW.DELEITE.GAL

ÉRGUETE E comparte cultura



PROHIBIDO
BAIXAR
OS
BRAZOS

